

A persecución política da muller. Lucenses detidas no cárcere provincial de Lugo (1936-1940)

M. X. SOUTO
Universidade de Santiago de Compostela

O estudo da poboación reclusa feminina durante a Guerra Civil e o franquismo é, aínda hoxe, un aspecto pouco explorado da actividade represiva do réxime. As aproximacións ao tema que teñen como *poboación diaria* o colectivo das reclusas son moi escasas¹, predominando a literatura testemuñal feminina ou os estudos de caso², que non permiten unha visión global da dinámica penitenciaria. Esta

-
- 1 Barranquero Texeira, Encarnación *et alii* (1994): *Mujer, cárcel, franquismo. La Prisión Provincial de Málaga (1937-1945)*, Málaga, Junta de Andalucía; Sabín, José Manuel (1996): “La represión femenina”, en Sabín, José Manuel: *Prisión y muerte en la España de postguerra*, Madrid, Anaya & Mario Munchnik, pp. 249-263; Vinyes, Ricard (2002): *Irredentas: Las presas políticas y sus hijos en las cárceles franquistas*, Madrid, Temas de Hoy; Hernández Holgado, Fernando (2003): *Mujeres encarceladas: la prisión de Ventas: de la República al franquismo, 1931-1941*, Madrid, Marcial Pons; varios capítulos da obra colectiva de Sobrequés, Jaume; Molinero Carme; e Sal, Margarida (eds.) (2003): *Los campos de concentración y el mundo penitenciario en España durante la Guerra Civil y el franquismo*, Barcelona, Crítica-Museu d’Historia de Catalunya; Egido, Ángeles (2006): “Mujeres en las cárceles de Franco. Apuntes sobre la represión de género en el Madrid de la posguerra”, en Mateos, Abdón e Herrerin, Ángel (eds.): *La España del presente: de la dictadura a la democracia. II Congreso Internacional de la Asociación de Historiadores del Presente*, Madrid, Historia del Presente. Monografía 3, pp. 11-24.
 - 2 Destacan: Hidalgo, P. (1938?): *Une jeune mère dans les prisons de Franco*, Paris, Édition des Archives Espagnoles; Doña, Juana (1978): *Desde la noche y la niebla (Mujeres en las cárceles franquistas)*. *Novela-testimonio*, Madrid, Ediciones de la Torre; Di Febo, Giuliana (1979): *Resistencia y movimiento de mujeres en España 1936-1976*, Barcelona, Icaria; Castro, Nieves (1981): *Una vida para un ideal: recuerdos de una militante comunista*, Madrid, Ediciones de la Torre; García, Consuelo (1983): *Las cárceles de Soledad Real*, Barcelona, Alfaguara; Malonda, Ángeles (1983): *Aquello se hizo así*, Madrid, ACOFARMA; Cuevas, Tomasa (1985a): *Cárcel de Mujeres, 1939-1945*, Barcelona, Sirocco-books; Cuevas, Tomasa (1985b): *Cárcel de Mujeres*, Barcelona, Ed. Sirocco; Romeu, Fernanda (1994): *El silencio roto. Mujeres contra el franquismo*, Oviedo, Ed. da autora; Mangini, Shirley (1997): *Recuerdos de la resistencia. La voz de las mujeres de la guerra civil española*, Barcelona, Península; G^a Madrid, A. (2003): *Réquiem por la libertad*, Madrid, Alianza Hispánica (2^a ed.); Solé i Barjau,

carencia cobra especial relevancia en Galicia³ onde as mulleres sufriron unha particular represión polo apoio ou simplemente, pola súa relación cos fuxidos⁴.

O estudo indiferenciado da poboación reclusa masculina e feminina non permite coñecer o patrón desta por canto a primeira, moi superior en termos cuantitativos, enmascara as especificidades que afectan ao xénero feminino non só en relación ás variábeis universais (idade, profesión, estado civil...), senón tamén ao tipo de delito ou a evolución dos ingresos.

Este traballo pretende caracterizar a represión carceraria exercida sobre as lucenses por motivos políticos a través, fundamentalmente, da análise dos Libros de Rexistro de Entrada e expedientes procesuais da poboación reclusa feminina da Prisión Provincial de Lugo.

Unha vez establecido o universo, o primeiro problema que xorde na realización dun estudo sistemático deste tipo é o da conceptualización, cando pretendemos realizar a “definición de caso”, é dicir, establecer os criterios de selección das reclusas detidas por motivos políticos. Para delimitar o termo “delito político” temos que escoller un punto de vista que, neste caso, ten que ser o das autoridades franquistas responsábeis da represión, que consideraban actos contra o novo réxime político todos os incluídos no Bando de Guerra de 28 de xullo de 1936. Este bando establece que “serán perseguidos en juicio sumarísimo”, “por la jurisdicción de Guerra” “todos los delitos comprendidos en los Títulos V, VI, VII e VIII del Tratado Segundo del Código de Justicia Militar”, ademais de “los delitos de rebelión, sedición, y sus conexos” e doutros equiparados aos anteriores aos efectos da súa represión. Inclúense finalmente os delitos comprendidos no epígrafe de “Delitos contra el Orden Público” do Título III do Código Penal ordinario, entre eles, os atentados contra a autoridade e os seus axentes, resistencia e desobediencia.

Queralt (2004): *A les presons de Franco*, Barcelona, Proa; Gómez Ruiz, Carmen e Campos Osaba, Luís (2005): *Cárcel de Amor. Una historia real en la dictadura franquista*, Sevilla, Fundación El Monte; O'Neill, Carlota (2006): *Una mujer en la guerra de España*, Madrid, Oberón.

- 3 Os poucos estudos específicos publicados sobre o particular resaltan aínda máis o baleiro existente: Laruelo, Marcelino (2005): “Saturarán: ¿cárcel de mujeres o campo de concentración?”, en AA.VV., *A represión franquista en Galicia. Actas do Congreso da Memoria*, Narón, Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, pp. 291-298. Son máis numerosas as obras relacionadas coa literatura testemuñal ou os estudos de caso: Núñez, Mercé (1967): *Cárcel de Ventas*, París, Ed. Librairie du Globe [hai unha edición en galego de A Nosa Terra]; Ríos, Isabel (1986): *Testimonio de la Guerra Civil*, Sada, Edicións do Castro; *Unión Libre: Cuadernos de vida e Culturas. Vermellas*, 11; Graña Pérez, Beatriz (2004): “Terror en Ourense. Declaracións de Josefina e Luisa González Cudeiro”, *Unión Libre*, 9, pp. 155-159; Soutelo Vázquez, Raúl (2005): *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas*, Valga, Concello de Valga; AA. VV. (2006): *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*, Santiago de Compostela, Servizo Galego de Igualdade. Andaina.
- 4 En Galicia as fontes carcerarias aínda non foron estudadas con perspectiva de xénero. Sobre o conxunto da represión carceraria xa publicaron Domingo Rodríguez Teijeiro en relación a Celanova (Ourense), Xoán Carlos Abad Gallego; Antonio Caeiro, e Gonzalo Amoedo López, respecto a penitenciaría de San Simón (Pontevedra) e María Xesús Souto Blanco sobre a Prisión Provincial de Lugo e outras desa provincia.

cia, os desacatos, insultos, injurias e ameazas á autoridade, aos seus axentes e demais funcionarios públicos e desordes públicas.

Aínda que parece evidente que a tipificación dos delitos corresponde ao lexislador, numerosos traballos dedicados ao estudo da represión, introducen correccións baseadas na pertinencia de incluír determinados supostos na categoría de “delito político” por converxer neses casos circunstancias que, nunha perspectiva de lóxica penal, determinarían a inimputabilidade dos responsábeis (por exemplo: ebriedade, enfermidade mental, forza maior). Nestes traballos⁵ tamén se exclúen moitas veces aqueles delitos que só indirectamente podían causar prexuízo “a los fines que persigue este movimiento redentor de nuestra Patria”⁶, cando consideran que o obxectivo do responsábel do delito non era causar ese prexuízo (caso, por exemplo, do “estraperlo”, do acaparamento de bens de primeira necesidade ou o encarceramento dos mesmos). As aproximacións dende a intencionalidade do acto castigado serían, ao noso xuízo, máis pertinentes nunha abordaxe da resistencia ao réxime, que no estudo da represión exercida por ese réxime. Consideramos que o que está en causa non é a coherencia procesual da autoridade competente⁷, nin a súa lexitimidade para legislar, senón as súas atribucións en materia lexislativa, que son as que definen en calquera altura o carácter político ou común das actuacións e, loxicamente, as consecuencias das mesmas para as vítimas. Esta situación é aínda máis evidente se consideramos que no artigo 10 do mencionado bando se faculta a xurisdición de Guerra para remitir á ordinaria as causas incoadas que estando comprendidas no bando non teñan, a xuízo das autoridades militares relación directa coa orde pública.

É innegábel que as detidas que incluímos na definición de caso, é dicir, que consideramos detidas políticas, sufriron represión por motivos políticos, sendo estes motivos fixados polo réxime, suxeito activo da represión, e como tal, definidor da conduta represora.

5 É o caso de Sanz Alberola, Daniel (1999): *La implantación del franquismo en Alicante. El papel del Gobierno Civil (1939-1946)*, Alicante, Publicaciones de la Universidad de Alicante, pp. 73 e ss.

6 Bando da Xunta de Defensa Nacional de 28 de xullo de 1936 (BOE, 30 de xullo de 1936, núm. 3), preámbulo.

7 Neste aspecto, resulta moi ilustrativo o acontecido ao contratista de obras de Lugo, Severino Martínez conspicuo adicto ao réxime, a quen un amigo militar, encomendou un transporte de mobles de Madrid a Lugo, resultando estes levemente danados. As dilixencias previas incoadas refiren que “en cumplimiento de la orden de proceder producida por el Excmo. Sr. General Jefe de la Octava Región militar en virtud de petición de parte suscrito por el teniente-coronel de ingenieros, D. Cristino Cervera Reyes, que estima que en los daños sufridos por los muebles durante el transporte *ha existido mala fe con motivación político-social* ya que estima el perjudicado denunciante que su condición de militar ha determinado los hechos de autos, *que califica de sabotaje* causado de propósito”. Estas dilixencias foron arquivadas, pero nunca se remitiron á xurisdición civil. [A cursiva é miña. Arquivo Intermedio Militar do Noroeste de Ferrol, Fondo Lugo, dilixencias previas núm. 603/39, fol. 24.].


A clasificación da poboación reclusa en “política” e “común” segundo a autoridade (militar ou civil) que entende en cada caso, complícase cando o recluso é un detido governativo a disposición do Gobernador Civil sen especificación do delito. Isto é así polas confusas atribucións do Gobernador Civil en materia de orde pública. A dirección nesta materia estivo nos primeiros momentos en mans militares, pero a partir do Decreto Lei de 19 de febreiro de 1937, nas zonas en que a ocupación estaba asegurada (caso de Lugo), as autoridades militares podían delegar competencias de orde pública nos Gobernadores Civís. En consecuencia, cando non figura o delito non é posíbel distinguir un detido governativo “común” (ladroón, maleante, mendigo, estafador...) dun “político” (extremista, masón, derrotista...) sen estudalos caso a caso, contrastando os datos sobre cada un deles e realizando cribados sucesivos.

As variábeis que utilizaremos na caracterización da poboación feminina reclusa por motivos políticos son: data de ingreso, idade, estado civil, naturalidade, domicilio, profesión, alfabetización, delito, e a *sorte*. O que permitirá saber con que trazos de persoa, lugar e tempo se asocia a represión carceraria por motivos políticos e cales son as especificidades desta para a muller.

1. Resultados

Entre o 20 de xullo de 1936 (cando triunfa a sublevación militar en Lugo) e o 31 de decembro de 1940 (inclúese un ano de inmediata posguerra para estudar se existen variacións da intensidade da represión ligadas á existencia ou non de actividade bélica), o volume total de ingresos femininos na Prisión Provincial de Lugo no universo considerado, é de 479, dos cales 359 (75%) son ingresos “políticos” e 110 (23%) comúns⁸.


GRÁFICO 1: Ingresos de mulleres lucenses no cárcere provincial (1936-1940)



⁸ Consideramos casos perdidos 10 ingresos (2%), nos que non foi posíbel descubrir nin o delito nin a autoridade responsábel ou a disposición da cal quedou a detida.

A evolución temporal dos ingresos políticos e comúns mantén unha tendencia coincidente entre os anos 1936-1938, ascendente no primeiro ano, e descendente no segundo. A partir do ano 1938 observamos unha disociación, os ingresos comúns continúan a diminuír, mentres que os políticos aumentan ata o ano 1939 en que a tendencia ascendente volve a coincidir, aínda que cunha pendente moito máis acusada na curva dos ingresos políticos, que se disparan a partir dese ano.

GRÁFICO 2: Evolución temporal dos ingresos de mulleres no cárcere provincial



A distribución da poboación reclusa por idade mostra claras diferenzas entre presas políticas e comúns.

CADRO 1: Idade dos ingresos. Estatística descritiva

	POLÍTICAS	COMÚNS
INTERVALO	14-73	16-75
MEDIA	37	30
MEDIANA	35	28
MODA	24	27


Fonte: elaboración propia con datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes de reclusas da Prisión Provincial de Lugo.

Os intervalos parecen indicar maior idade no grupo das presas comúns, máis esta circunstancia é só aparente e debida a existencia neste grupo de *outliers*, valores extremos illados próximos ao límite superior. Así, neste grupo, só tres

mulleres tiñan máis de 60 anos cando ingresaron por primeira vez no cárcere, fronte a 34 no grupo das políticas.


Analizando as medidas de tendencia central, vemos que, na realidade, tanto a media como a mediana, son máis elevadas no caso das presas políticas. A distribución de idade nestas é máis homoxénea ao longo do intervalo, concentrándose as comúns no grupo das mozas adultas, como reflicte a moda de 27.

GRÁFICO 3: Idade ao ingreso. Medias de tendencia central




A distribución de idades antes comentada, confirmase ao analizar o estado civil das reclusas, correspondendo ás comúns unha porcentaxe de solteiras do 70%, fronte ao 42% das políticas.

GRÁFICO 4: Estado civil ao ingreso




Comparando a distribución do estado civil nos dous extremos do intervalo temporal estudado (1936-1940), vemos que apenas varía no caso das comúns, mentres que no grupo das políticas, a porcentaxe de solteiras practicamente se iguala á de casadas en 1940.

GRÁFICO 5: Evolución da porcentaxe de solteiras nos dous grupos



O índice de alfabetización das políticas, 64,9%, sitúase case 9 puntos porcentuais por enriba do das comúns (56,3%). Ambos os dous son superiores ao rexistrado no Censo de 1930 para a poboación feminina (43,9%), pero só o das políticas supera o do Censo de 1940 (59,0%).

GRÁFICO 6: Nivel de instrución ao ingreso



A profesión predominante entre as mulleres ingresadas por motivos políticos é a de labradora, seguida de “os seus labores”, ambas as dúas profesións representan case o 80% do total. Entre as presas comúns, a profesión maioritaria

é “os seus labores”, seguida de prostituta. Neste grupo a actividade profesional non está tan concentrada coma no anterior, existindo outras dúas profesións con porcentaxes apreciábeis, o de serventa e o de labradora. Estas catro ocupacións representan tamén a volta do 80% do total.

CADRO 2: Profesión no momento do ingreso

PROFESIÓN	I. POLÍTICAS		I. COMÚNS		
	n.º	%	n.º	%	
Labradora	173	48,2	Os seus labores	28	25,5
Os seus labores	109	30,4	Prostituta	24	21,8
Modista	17	4,7	Serventa	19	17,3
Xornaleira	11	3,1	Labradora	16	14,6
Industrial	9	2,5	Vendedora	5	4,6
Vendedora	8	2,2	Xornaleira	4	3,6
Serventa	8	2,2	Industrial	3	2,7
Prostituta	6	1,7	Modista	2	1,8
Mestra	5	1,4	Ambulante	1	0,9
Tecedora	2	0,6	Bordadora	1	0,9
Cociñeira	1	0,3	Camareira	1	0,9
Estudante	1	0,3	“Xitana”	1	0,9
Funcionaria	1	0,3	Quincalleira	1	0,9
Panadeira	1	0,3	Zoqueira	1	0,9
Pescantina	1	0,3	Non figura	3	2,7
Repartidora	1	0,3			
Trapeira	1	0,3	Zapateira	1	0,3
Zoqueira	1	0,3	Non figura	2	0,6
Total	359	100		110	100

Fonte: elaboración propia con datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes das reclusas da Prisión Provincial de Lugo.

A ruralidade predominante entre as presas políticas reflectida no predomi-
nio da profesión de labradora, vese confirmada no seguinte cadro. Podemos ver
que as domiciliadas nos concellos máis urbanos (Lugo capital e Monforte) repre-
sentan só o 20,3% dos ingresos políticos, a situación invértese cando ollamos para
as comúns, con un 57,3% de domiciliadas neses concellos.


CADRO 3: Ingresos de mulleres segundo o domicilio

Ingresos Políticos	n.º	% ingresos	por 10.000 mulleres	Ingresos Comúns	n.º	% ingresos	por 10.000 mulleres
Lugo	61	17,0	38	Lugo	60	54,6	38
Chantada	35	9,7	47	Monterroso	8	7,4	27
Cervantes	25	7,0	72	Ambulante	4	3,7	----
Becerreá	22	6,1	57	Sober	4	3,7	-10
Paradela	19	5,3	75	Cospeito	3	2,7	-10
Pedrafita	17	4,7	84	Mondoñedo	3	2,7	-10
Vicedo	13	3,6	53	Monforte	3	2,7	-10
Monforte	12	3,3	15	Nogais	3	2,7	13,4
Nogais	12	3,3	54	Castroverde	2	1,8	-10
Quiroga	12	3,3	31	Friol	2	1,8	-10
Sober	12	3,3	25	Pantón	2	1,8	-10
N. Suarna	9	2,5	28	Pastoriza	2	1,8	-10
Saviñao	9	2,5	17	Vilalba	2	1,8	-10
Palas Rei	8	2,2	14	Carballedo	1	0,9	-10
Portomarín	8	2,2	41	Castro Rei	1	0,9	-10
Sarria	8	2,2	12	Corgo	1	0,9	-10
Viveiro	8	2,2	11	Láncara	1	0,9	-10
Ribadeo	6	1,7	12	N. Suarna	1	0,9	-10
Incio	5	1,4	14	Ourol	1	0,9	-10
Antas Ulla	4	1,1	15	P. Brollón	1	0,9	-10
Fonsagrada	4	1,1	-10	Paradela	1	0,9	-10
Mondoñedo	4	1,1	-10	Portomarín	1	0,9	-10
Pol	4	1,1	17	Rábade	1	0,9	19
Ribas Sil	4	1,1	20	Sarria	1	0,9	-10
Taboada	4	1,1	11	Saviñao	1	0,9	-10
Corgo	3	0,8	-10				
Ourol	3	0,8	-10				
Pontenova	3	0,8	-10				
Begonte	2	0,6	-10				
Carballedo	2	0,6	-10				
Cospeito	2	0,6	-10				
Guntín	2	0,6	-10				
Pantón	2	0,6	-10				
Trabada	2	0,6	12				
Alfoz	1	0,3	-10				
Barreiros	1	0,3	-10				
Bóveda	1	0,3	-10				
Cervo	1	0,3	-10				
F. Courel	1	0,3	-10				
Foz	1	0,3	-10				
Friol	1	0,3	-10				
Láncara	1	0,3	-10				
P. Brollón	1	0,3	-10				
Triacastela	1	0,3	10				
Vilalba	1	0,3	-10				
Xermade	1	0,3	-10				
Non Figura	1	0,3	-----				
Total	359	100	-----		110	100	-----

Fonte: elaboración propia a partir dos datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes das reclusas da Prisión Provincial de Lugo e do Censo de Poboación de 1930 da provincia de Lugo (clasificación da poboación de FEITO por sexo, estado civil e instrución elemental).


A distribución xeográfica tamén ofrece grandes diferenzas cando comparamos os ingresos comúns e os políticos, ademais da súa maior ruralidade, os segundos concéntranse no Sur da provincia, e concretamente no Sureste, ao redor do concello de Cervantes e, en menor medida, no Suroeste, ao redor dos municipios de Paradela e Chantada.

MAPA 1: Distribución xeográfica dos ingresos políticos (por 10.000 mulleres)



Como se pode observar no mapa seguinte, as presas comúns, en contraste coas políticas, atópanse concentradas case exclusivamente na capital provincial.

MAPA 2: Distribución xeográfica dos ingresos políticos (por 10000 mulleres)



A maior parte das detidas son oriúndas da provincia lucense, aínda que, como podemos ver no cadro 4, a proporción de ingresos de diferente natureza é significativamente maior entre as presas comúns.


CADRO 4: Natureza das ingresadas

INGRESOS POLÍTICOS DA PROVINCIA	n.º	%	INGRESOS COMÚNS DA PROVINCIA	n.º	%
Chantada	33	9,2	Lugo	11	
Cervantes	23	6,1	Friol	8	
Lugo	21	5,9	Monterroso	8	
Paradela	21	5,9	Cospeito	4	
Pedrafita	18	5,0	Pantón	4	
Becerreá	15	4,2	Corgo	3	
Nogais	15	4,2	Mondoñedo	3	
Vicedo	14	3,9	Nogais	3	
Palas Rei	12	3,3	Antas Ulla	2	
Quiroga	12	3,3	Castroverde	2	
Sober	12	3,3	Monforte	2	
Sarria	11	3,1	Ourol	2	
Monforte	10	2,8	Pastoriza	2	
Portomarín	8		Portomarín	2	
Saviñao	8		Sober	2	
Viveiro	8		Carballedo	1	
Navia Suarna	6		Castro de Rei	1	
Incio	5		Guntín	1	
Ribas Sil	5		Láncara	1	
Fonsagrada	4		Navia de Suarna	1	
Mondoñedo	4		Poboa de Brollón	1	
Pol	4		Palas de Rei	1	
Antas Ulla	3		Sarria	1	
Cospeito	3		Saviñao	1	
Friol	3		Vilalba	1	
Guitiriz	3				
Ourol	3				
Pontenova	3				
Ribadeo	3				
Taboada	3				
Baralla	2				
Begonte	2				
Corgo	2				
Guntín	2				
Láncara	2				
Outeiro Rei	2				
Pantón	2				
Xermade	2				
Abadín	1				
Alfoz	1				
Baleira	1				
Barreiros	1				
Bóveda	1				
Carballedo	1				
Cervo	1				
Folgozo Courel	1				
Foz	1				
Póboa de Brollón	1				
Trabada	1				
Triacastela	1				
Vilalba	1				
Total	322	89,7	Total	68	61,8

DE FÓRA DA PROVINCIA			DE FÓRA DA PROVINCIA		
Resto de Galicia	16		Resto de Galicia	26	
Outras comunidades	14		Outras comunidades	9	
Estranxeiro	6		Estranxeiro	7	
Non Figura	1				
Total	37	10,3		42	38,2


Fonte: elaboración propia a partir dos datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes das reclusas da Prisión Provincial de Lugo.

GRÁFICO 7: Orixe e natureza das ingresadas no cárcere de Lugo



Tamén existen disparidades respecto á sorte corrida polas integrantes de ambos os dous colectivos. Saíron en liberdade o 77,4% das políticas e o 87,4% das comúns, sendo trasladadas a outros cárceres⁹ respectivamente o 20,6% e o 9,1%, o que reflicte a maior severidade da represión política. Non obstante, o indicador máis evidente da dureza da represión exercida sobre os delitos considerados políticos é o feito de que un deles foi castigado coa pena de morte.

GRÁFICO 8: Sorte das ingresadas



9 Esta circunstancia no caso das políticas non sempre está referendada por datos inmediatos, xa que para 15 delas, só consta que foron conducidas, sen especificar a onde, inferíndose o destino a partir de datos indirectos.

Cando ollamos para o delito atribuído ás reclusas, o primeiro que chama a atención é a elevada porcentaxe de casos (58,5%) en que o delito non figura na categoría dos políticos, fronte á dos comúns, nos que o “non figura” é excepcional (7,3%). Tamén chama a atención o escaso rigor á hora de consignar o delito, non só polas omisións, intencionadas ou non, senón polo feito de rexistrar como delitos o que en realidade eran sancións aos mesmos: multa e arresto. É recha-
mante tamén a criminalización dos vínculos familiares, cando se considera delito “esposa de detido”, e outros: “esposa de desertor”, “esposa de fuxido”, “familiar de fuxido”, que englobamos dentro de “relación con fuxidos”. Por outra banda, esta relación cos fuxidos implícita ou explícita, activa ou pasiva, constitúe o grupo máis numeroso dentro da categoría de ingresos políticos. A presenza na categoría dos ingresos políticos do furto e do roubo (maioritarios no caso dos comúns), obedece á interpretación que o réxime facía dos mesmos segundo a vítima ou o obxecto roubado.

CADRO 5: Delitos imputados

I. POLÍTICOS	nº	%	I. COMÚNS	nº	%
Non figura	210	58,5	Furto	28	
[<i>infírese</i> relación con fuxidos]	[102]		Arresto	15	
[<i>consta</i>] Relación con fuxidos	55		Roubo	12	
Rebelión	26		Corrupción menores	11	
Arresto	16		Lesións	8	
Auxilio rebelión	15		Non figura	8	7,3
Multa	9		Homicidio	7	
Atraco	7		Aborto	5	
Tenencia armas	3		Incendio	4	
Agresión	2		Estafa	3	
Averiguación conduta	2		Escándalo	2	
Averiguación feitos	2		Abandono menor	1	
Homicidio	2		Faltas á moral	1	
Inxurias	2		Infanticidio	1	
Sedición	2		Multa	1	
Alteración prezos	1		Parricidio	1	
Asasinato	1		Resistencia á autoridade	1	
Esposa de detido	1		Tentativa roubo	1	
Excitación á rebelión	1				
Furto	1				
Roubo	1				
Total	359			110	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes das reclusas da Prisión Provincial de Lugo.

2. Discusión

A diferenciación entre delito político e común, a pesar de dispor dun criterio concreto, esixiu en determinadas situacións, xa referidas, o estudo caso a caso, representando un grande esforzo que obrigou a limitar o campo de estudo ao Cárcere Provincial de Lugo. Esta restrición dá lugar a unha imaxe parcial da represión, xa que o réxime utilizou outros centros de reclusión, fundamentalmente para as detencións preventivas, como os Depósitos municipais e o Cárcere de Monforte, que non foron incluídos neste estudo por non ofrecer os datos dispoñíbeis a necesaria exhaustividade. Por outro lado, aínda que parcial, consideramos que esta imaxe é representativa da evolución da represión carceraria exercida sobre a muller na provincia de Lugo, xa que os datos dispoñíbeis dos outros centros permiten deducir en todos eles unha dinámica semellante.

Consideramos o número de ingresos (359 políticos e 110 comúns), e non o número de mulleres ingresadas (318 políticas e 89 comúns). Pensamos que a opción escollida é máis válida para cuantificar a intensidade da represión e, por outra banda, a coherencia dos resultados é maior, reflectindo a estratexia coercitiva do réxime explícita na orde do Gobernador Militar de Lugo de maio de 1939 segundo a cal todos os familiares encarcerados de fuxidos sufriría sucesivas detencións ata que estes se entregasen¹⁰.

A fiabilidade dos resultados relativos á variábel “profesión”, está condicionada pola falta de precisión dos rexistros carcerarios, que non permiten moitas veces diferenciar entre determinados valores, concretamente: “labradora”/“os seus labores”, os máis frecuentes no grupo das políticas. No caso das comúns súmase outro factor, o encubrimento da prostitución baixo o epígrafe “os seus labores”¹¹, o que pode enmascarar o carácter maioritario da prostitución entre as profesións exercidas por este grupo.

A mesma incerteza afecta á variábel “alfabetización”, xa que o criterio de discriminación era moi laxo, limitándose á capacidade ou non de asinar, e que pode adoptar calquera dos dous valores posíbeis para unha mesma muller, se ingresa máis dunha vez. Isto acontece con tres detidas políticas e outras tres comúns. Por outra banda, a diferenza entre os dous grupos, aínda que significativa, non é moi grande, o que aínda dá maior relevancia á imprecisión dos rexistros, tanto carcerarios como censais.

Respecto á variábel domicilio, a preponderancia de detidas políticas no Sur da provincia aínda sería máis patente se, como dicíamos no inicio, o estudo non

10 Souto Blanco, M.^a Xesús (1998): *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada, Edición do Castro, p. 91.

11 Este feito dedúcese porque nalgúns casos esta profesión aparece asociada a delitos moi suxestivos como “corrupción de menores” ou “faltas á moral”.

se tivera limitado ao Cárcere Provincial de Lugo, xa que habería que sumar os numerosos ingresos polas mesmas datas e iguais motivos na Prisión de Monforte, sobre todo de domiciliadas nesta cidade e arredores (Saviñao, Sober, Chantada [...]). As palabras dun fuxido da zona, Germán López González, referidas ao ano 1939, confirman esta circunstancia:

A los pocos días, se cumplió lo anunciado. A todas las mujeres de los escapados, las llevaron a Monforte de Lemos, al “Hotel Pinguela”, que así se llamaba la prisión, amenazándolas y a algunas, cortándoles el pelo al cero y presionándolas para que dijese de sus maridos. Entre las detenidas también se llevaron a mi mujer, dejando los hijos a los vecinos o familiares.¹²

En canto ao delito, é de salientar a falta de exhaustividade do rexistro do mesmo no caso das detidas políticas, de feito, non figura no 58,9% destes. Esta deficiencia puido ser ultrapasada, en parte, a través dun procesamento máis apurado dos datos. Como dicíamos antes, eran frecuentes as detencións colectivas ao redor dunha mesma persoa, o fuxido, o que permite, caso de figurar o delito para algúns dos elementos dese colectivo, inferilo para os outros. No mesmo sentido, cando unha mesma persoa ingresa varias veces (primeiro preventivamente e despois cando é procesada/penada), o delito pode figurar nalgunha das ocasións, o que posibilita preencher o baleiro das outras. Estas atribucións indirectas do delito, complementáanse e corrobóranse coa triangulación das fontes carcerarias con outras de diferente orixe (xudiciais militares, bibliográficas e hemerográficas).

Conclusiones

Na evolución da represión carceraria nas mulleres destacan dous anos, o inicial, 1936, co menor número de ingresos de todo o período, e 1940, xa finalizada a Guerra, no que a represión se incrementa considerablemente, rexistrando o maior número de ingresos do intervalo estudado. O baixo número de detencións en 1936 estaría relacionado coa escasa participación “directa” de mulleres na resistencia á sublevación na provincia lucense, en consonancia co reducido papel que estas desempeñaron na política durante a etapa republicana. De feito, no rexistro de asociacións do Goberno Civil de Lugo, só figuran durante a República, 33 mulleres directivas de organizacións políticas (15 de esquerda e 18 de dereita). No mesmo sentido, só temos constancia de dúas mulleres concelleiras na provincia, unha en Cervo e a outra en Rábade.

O incremento de ingresos entre 1939 e 1940 coincide co aumento da actividade dos fuxidos e, consecuentemente, da actividade represora contra os seus apoios. Ademais desta lóxica relación entre as accións dos fuxidos e represión

¹² López Quiroga, Germán (2007): *Historia de un paseo*, Santiago de Compostela, Ed. Unidixital, p. 76.

contra a muller, outro factor contribúe ao incremento da intensidade represiva, a maior dispoñibilidade de medios, posto que unha vez finalizada a Guerra, o exército puido dedicarse de cheo á persecución da resistencia ao réxime. En concreto, na provincia lucense actuou a 3ª e 6ª Columna de Operacións de Asturias.

A preponderancia relativa das casadas entre as reclusas políticas no ano 1936, desaparece en 1940, ano no que se equiparan as porcentaxes de ambas as dúas, debido, sobre todo, ao aumento da intensidade represora a partir de 1939 da que falabamos antes, e que utilizou como estratexia a detención de todos achegados do fuxido (noivas, irmás, fillas...), mentres que antes se restrinxía aos máis directos (nais, esposas).

En igual sentido, pódese explicar o predominio de reclusas políticas de profesión “labradora” e o seu domicilio maioritariamente rural, que coincide cos lugares de maior actividade dos fuxidos (Chantada, Cervantes, Becerreá, Paradela e Pedrafita). Pola contra, as comúns residen case exclusivamente en Lugo capital, por desenvolver profesións eminentemente urbanas (prostitutas, vendedoras, industriais...).

Respecto ao lugar de nacemento, as políticas son da provincia nunha porcentaxe moi elevada, o que é lóxico se temos en conta a natureza do feito maioritariamente perseguido, a detención pola súa relación cos fuxidos. A maior proporción de foráneas entre as comúns explícase atendendo á súa actividade profesional, con predominio de prostitutas, sempre procedentes doutras provincias, e o significativo número de profesións de carácter ambulante.

Respecto á sorte, tanto nas políticas como nas comúns, obsérvanse numerosos reingresos, que no caso das segundas obedece á reiteración da actividade delituosa, pero no caso das políticas non se pode falar *sensu stricto* de reiteración, porque o motivo da súa detención moitas veces non era o que facían, senón o que eran, unha condición inevitábel e que non dependía da súa vontade, trátase dunha represión *ad nominem*. Esta circunstancia podería estar relacionada coa non especificación do delito nunha gran porcentaxe (58,5%) das políticas. É de resaltar que a única executada oficial da provincia o fora no ano 1938, e como consecuencia dun proceso que chama a atención pola súa iniquidade, incluso no contexto da xustiza franquista¹³.

Unha vez introducidas as correccións necesarias, concluímos que o delito predominante entre as políticas é o de “relación con fuxidos”, sen poder precisar en que medida esta relación era activa ou pasiva. É lexítimo pensar que, sobre todo a partir de 1939, as autoridades franquistas non se preocuparon de demostrar a

13 Véxase Souto Blanco, M.^a Xesús (2006): “Consuelo Alonso, unha morte construída”, *Unión Libre*, 11, pp. 89-104.

existencia de colaboración nas detencións preventivas, utilizando aos achegados dos fuxidos polo simple feito de selos, para forzar a súa entrega.

En resumo, a maior parte dos ingresos das lucenses no Cárcere Provincial de Lugo por motivos políticos no período 1936-1940 obedeceron a comportamentos ou circunstancias máis relacionadas co papel tradicionalmente asignado á muller como elemento estruturador da familia ou, dende a perspectiva do réxime, que as utilizaba como reféns para forzar a entrega dos seus achegados, coa imaxe da muller como obxecto de protección do varón.

Porén, os casos de mulleres lucenses que asumiron a resistencia contra o franquismo como unha motivación propia aínda que minoritarios, non son excepcionais. Podemos citar, entre outras, á executada Consuelo Alonso González; Domitila Gutiérrez Alba, que foi detida varias veces, conducida ao campo de concentración de Figueras no ano 40, uníndose posteriormente á partida do seu irmán Abelardo; á viveirense Carmen López Parapar, presidenta do comité da agrupación “Hermanas Proletarias Socialistas” de Viveiro, condenada a 20 anos de reclusión ou, Blanca Quiroga entre as que conseguiron fuxir. Non pretendemos ser exhaustivos porque só a través da análise individual poderíamos saber cantas das detidas por auxilio á rebelión obraron por propia iniciativa, o que, por outra banda, non é o obxectivo deste traballo. Aclarar este punto xustificaría unha abordaxe específica utilizando a metodoloxía moitas veces deostada do estudo de caso.

Aínda que sería un abuso da estatística tratar de elaborar un perfil das presas por motivos políticos de Lugo durante os anos 1936-1940 a través dos datos presentados, si podemos resaltar algunhas características xerais: o seu carácter eminentemente rural e do Sur da provincia, culpadas pola súa relación con fuxidos, o nivel de alfabetización é elevado considerando o contexto xeral e con predominio das casadas de mediana idade.

En todo caso, sería interesante unha vez completado o estudo das reclusas, realizar unha análise comparada dos colectivos masculino e feminino. Neste sentido, podemos sinalar as diferenzas no patrón represivo sufrido por ambos os dous xéneros, concretamente, a menor importancia relativa, no caso das mulleres, das medidas punitivas oficiais como a aquí estudada. Predominan outras condutas represivas, con intención vexatoria, perpetradas fundamentalmente por Falange, de carácter extraoficial e dirixidas non só contra o obxecto das mesmas, senón tamén a minar a moral dos seus achegados. Referímonos ás “peladas”, á inxestión de aceite de rícino, ás malleiras ou á imposición de actividades humillantes como a de limpar os restos dos castigos inflixidos aos seus familiares..., existindo de todas elas abundantes testemuños nos libros de memorias e nos estudos de caso referidos ao principio.